

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

Persoal, oposicións

BASES DA CONVOCATORIA DO PROGRAMA “DEPOEMPRENDE” NAS MODALIDADES “DEPOEMPRENDE NA ESCOLA”, “DEPOEMPRENDE NA ESO” E “DEPOEMPRENDE NA FP” (CONVOCATORIA 2021-2022)

BASES DA CONVOCATORIA DO PROGRAMA “DEPOEMPRENDE” NAS MODALIDADES “DEPOEMPRENDE NA ESCOLA”, “DEPOEMPRENDE NA ESO” E “DEPOEMPRENDE NA FP” (CONVOCATORIA 2021-2022) DIRIXIDA AOS CENTROS EDUCATIVOS SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA E DEPENDENTES DA XUNTA DE GALICIA QUE IMPARTAN ENSINANZAS DE EDUCACIÓN PRIMARIA, EDUCACIÓN ESPECIAL, EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA E FORMACIÓN PROFESIONAL

ANTECEDENTES

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade, como órgano da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia ao que lle corresponden, entre outras, as competencias e funcións en materia de planificación, regulación e administración do sistema educativo galego, aprobou no ano 2010 o Plan de emprendemento no sistema educativo de Galicia Eduemprende, que ten como obxectivo estratéxico a implantación da cultura emprendedora co fin de mellorar a competitividade das nosas empresas e a empregabilidade do alumnado galego.

No artigo 36.1 d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establécense como competencias propias das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial. Nesta liña, no artigo 109.1 d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determínanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses particulares da provincia.

A Deputación de Pontevedra, na liña de apoio ao emprendemento que está a impulsar en diferentes áreas, promove o desenvolvemento de proxectos que integran experiencias innovadoras nos centros educativos sostidos con fondos públicos para potenciar a orientación profesional e o emprego. Neste contexto, de acordo co Plan de emprendemento no sistema educativo de Galicia, co fin de fomentar a cultura emprendedora, propón realizar unha convocatoria destinada aos centros educativos públicos da provincia de Pontevedra para participar no programa “DepoEmprende”, que ten como finalidade apoiar a adquisición das competencias clave, centrándose principalmente no fomento da iniciativa e do espírito emprendedor.



Esta convocatoria diríxese aos centros educativos sostidos con fondos públicos da provincia de Pontevedra de Educación Primaria, Educación Especial, Educación Secundaria Obrigatoria e Formación Profesional dependentes da Xunta de Galicia, para que participen nos diferentes proxectos: “DepoEmprende na escola”, “DepoEmprende na ESO” e “DepoEmprende na FP” (convocatoria 2021-2022).

BASES

Primeira. Obxecto

Estas bases teñen por obxecto convocar os centros educativos sostidos con fondos públicos da provincia de Pontevedra para participaren nos diferentes proxectos que compoñen o programa “DepoEmprende”, promovido pola Deputación de Pontevedra a través do Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local.

Segunda. Descrición do programa

A finalidade do programa “DepoEmprende” é a de promover no ámbito educativo dinámicas de traballo cooperativo que favorezan a adquisición de competencias e coñecementos vinculados á cultura e ao espírito emprendedor. Co obxectivo de adaptarse ás necesidades de cada etapa educativa, o programa “DepoEmprende” comprende tres proxectos: “DepoEmprende na escola”, “DepoEmprende na ESO” e “DepoEmprende na FP”, nas que se propoñen unha metodoloxía dinámica e participativa na que o alumnado é protagonista da súa propia aprendizaxe.

- **“DepoEmprende na escola”:** a metodoloxía céntrase na creación de cooperativas escolares nas que o alumnado desenvolve unha serie de procesos de planificación e xestión, que teñen como finalidade a fabricación de produtos para a súa venda, a través da cal recuperan o capital inicial e obteñen beneficios, dos que doan unha parte ás accións sociais ou ONG que as socias e socios da cooperativa elixen por consenso.
- **“DepoEmprende na ESO”:** a metodoloxía céntrase na creación de cooperativas escolares nas que o alumnado distribúe produtos adquiridos a empresas provedoras que elixe segundo criterios de sustentabilidade e responsabilidade social corporativa. Póñense en práctica capacidades de negociación, de toma de decisións, de comunicación e resolución de conflitos e, finalmente, véndense eses produtos para recuperar o capital inicial e obter beneficios, dos cales doan unha parte ás accións sociais ou ONG que as socias e socios da cooperativa elixen por consenso.
- **“DepoEmprende na FP”:** a metodoloxía céntrase na realización por parte do alumnado de proxectos empresariais a través dos cales se potencian a adquisición de competencias e aptitudes relacionadas co emprendemento, tanto no ámbito empresarial coma no autoemprego, e as actitudes necesarias para asumir riscos e responsabilidades. Así mesmo, o alumnado participa de forma activa na vida económica social e cultural do seu contorno cunha actitude crítica e responsable.



Ao longo do desenvolvemento do programa “DepoEmprende”, a Deputación de Pontevedra dota os centros educativos participantes de formación, recursos e ferramentas que posibilitan o desenvolvemento eficaz das accións relacionadas con cada un dos proxectos, para as cales se realiza un proceso permanente de seguimento e avaliación que permite analizar os logros, a execución diaria do proxecto e o seu impacto, así como asesorar o profesorado e resolver incidencias e dúbidas. A ferramenta principal é o portal educativo de “DepoEmprende”, que ten como finalidade potenciar a comunicación entre os centros participantes, favorecer o acceso aos recursos formativos e didácticos, e asegurar a orientación, o asesoramento e a titoría de forma continua.

O programa “DepoEmprende” desenvolverase previsiblemente ao longo do curso escolar 2021-2022, temporalización que, ao igual que a metodoloxía do programa, se adaptará tendo en conta as decisións que se tomen desde as administracións públicas competentes sobre a organización e planificación do curso escolar 2021-2022 e a evolución da actual crise sanitaria derivada da COVID-19 ou calquera outra circunstancia sobrevida de forza maior.

Calquera dúbida ou cuestión dirixirse ao Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local da Deputación de Pontevedra, mediante o teléfono 986 804 100 (extensión 40859) ou o enderezo electrónico depoemprende@depo.gal.

Terceira. Centros educativos destinatarios

3.1 O programa “DepoEmprende” diríxese aos centros educativos sostidos con fondos públicos da provincia de Pontevedra dependentes da Xunta de Galicia. Cada proxecto “DepoEmprende” está pensado para etapas educativas diferenciadas:

- Proxecto “DepoEmprende na escola”: centros educativos sostidos con fondos públicos que imparten Educación Primaria (5.º ou 6.º) e centros educativos que imparten Educación Especial (programas formativos básicos e/ou alumnado para o cal o centro educativo e o profesorado consideren que a experiencia pode ser proveitosa) da provincia de Pontevedra e dependentes da Xunta de Galicia.

- Proxecto “DepoEmprende na ESO”: centros educativos sostidos con fondos públicos que imparten Educación Secundaria Obrigatoria (4.º da ESO, preferentemente alumnado que curse as materias Iniciativa á Actividade Emprendedora e Empresarial, Ciencias Aplicadas á Actividade Profesional ou outras similares) da provincia de Pontevedra e dependentes da Xunta de Galicia.

- Proxecto “DepoEmprende na FP”: centros educativos sostidos con fondos públicos que imparten Formación Profesional (grao medio ou grao superior, preferentemente alumnado que curse o módulo Empresa e Iniciativa Emprendedora ou similar) da provincia de Pontevedra e dependentes da Xunta de Galicia.

3.2 A Deputación de Pontevedra poderá solicitar a acreditación de que a ensinanza coa que o centro educativo participa no programa está sostida con fondos públicos.



PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN DOS CENTROS EDUCATIVOS PARTICIPANTES

Cuarta. Presentación de solicitudes

4.1 Cada centro educativo interesado elixirá participar nun proxecto ou en varios, atendendo aos requisitos de selección segundo a súa oferta educativa: “DepoEmprende na escola”, “DepoEmprende na ESO” e “DepoEmprende na FP”.

Deberase presentar unha solicitude por cada proxecto, na que se fará constar o interese do centro en participar na convocatoria. No caso de que un mesmo centro estea interesado en participar en máis dun proxecto deberá presentar unha solicitude para cada un deles.

4.2 As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>), de acordo co establecido nos artigos 14.2 e 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).

Se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente requiriráselle que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos considerárase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a emenda.

Para a presentación das solicitudes a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNIe).

4.3 Non axustarse aos termos da convocatoria, así como a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera outra manipulación da información, será causa de desestimación da solicitude.

Quinta. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes comezará o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e finalizará o 30 de setembro de 2021.

Sexta. Comprobación de datos

Para a tramitación deste procedemento consultaránse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- a. NIF do centro educativo

No caso de que as persoas interesadas se opoñan ás mencionadas consultas deberán indicalo no cadro habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.



Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Sétima. Publicación de actos

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, de conformidade co establecido no artigo 45 da LPACAP, publicarase no BOPPO a lista provisional de centros educativos seleccionados, suplentes e excluídos para participar nos diferentes proxectos do programa “DepoEmprende” 2021-2022.

Nun prazo de dez (10) días hábiles poderanse presentar alegacións á lista provisional. Unha vez rematado o prazo establecido de alegacións publicarase no BOPPO a lista definitiva de centros educativos seleccionados, suplentes e excluídos para participar nos diferentes proxectos do programa “DepoEmprende” 2021-2022.

Oitava. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e as súas emendas

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban levar a cabo durante a tramitación deste procedemento terán que realizarse electronicamente a través do modelo “instancia xenérica”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

Se a solicitude non reúne os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da LPACAP requiriráselle á persoa interesada, de conformidade co establecido no artigo 68 desta lei, que nun prazo de dez (10) días hábiles emende as faltas ou presente os documentos preceptivos e indicaráselle que, de non facelo, se terá por desistida a súa solicitude, que se arquivará sen máis trámites.

Unha vez rematado o período establecido nas bases para a presentación de solicitudes non se admitirán a alegación nin a acreditación de novos méritos, pero poderanse emendar aqueles xa achegados durante o período de inscrición.

Novena. Criterios de selección

O proceso de selección dos centros educativos participantes tramitarase en réxime de concorrencia competitiva segundo os criterios que se establecen a continuación, atendendo ás características de cada proxecto:

9.1 “DepoEmprende na escola” (Educación Primaria e Educación Especial)

A valoración obterase da suma das puntuacións dos seguintes apartados (máximo 15 puntos):

a) Se o centro educativo participou en anos anteriores nos proxectos “DepoEmprende”: máximo 2 puntos (1 punto se participou nunha edición, 2 puntos se participou en máis dunha)



Mércores, 30 de xuño de 2021

Núm. 123

b) Experiencia previa do centro educativo ou do persoal docente participante en proxectos baseados nunha metodoloxía de aprendizaxe cooperativa ou con proxectos de impulso da cultura emprendedora; excluírase da valoración a participación en anos anteriores nos proxectos “DepoEmprende”: máximo 5 puntos (1 punto por proxecto)

c) Participación do centro en actividades de innovación educativa: máximo 2 puntos (1 punto por actividade)

d) Número de persoas docentes implicadas: máximo 3 puntos (1 punto por dúas persoas docentes, 2 puntos por tres persoas docentes, 3 puntos por máis de tres persoas docentes)

e) Compromiso de destinar parte dos beneficios obtidos pola venda dos produtos creados na cooperativa escolar a unha ONG: máximo 3 puntos (1 punto polo compromiso de doar o 25-50 % dos beneficios, 2 puntos polo compromiso de doar o 51-75 % dos beneficios, 3 puntos polo compromiso de doar o 76-100 % dos beneficios)

9.2 “DepoEmprende na ESO” (Educación Secundaria Obligatoria)

A valoración obterase da suma das puntuacións dos seguintes apartados (máximo 15 puntos):

a) Se o centro educativo participou en anos anteriores nos proxectos “DepoEmprende”: máximo 2 puntos (1 punto se participou nunha edición, 2 puntos se participou en máis dunha)

b) Experiencia previa do centro educativo ou do persoal docente participante en proxectos baseados nunha metodoloxía de aprendizaxe cooperativa ou en proxectos de impulso da cultura emprendedora; excluírase da valoración a participación en anos anteriores nos proxectos “DepoEmprende”: máximo 5 puntos (1 punto por proxecto)

c) Participación do centro en actividades de innovación educativa: máximo 2 puntos (1 punto por actividade)

d) Número de persoas docentes implicadas: máximo 3 puntos (1 punto por dúas persoas docentes, 2 puntos por tres persoas docentes; 3 puntos por máis de tres persoas docentes)

e) Compromiso de destinar parte dos beneficios obtidos pola venda dos produtos a unha ONG: máximo 3 puntos (1 punto polo compromiso de doar o 25-50 % dos beneficios, 2 puntos polo compromiso de doar o 51-75 % dos beneficios; 3 puntos polo compromiso de doar o 76-100 % dos beneficios)

9.3 “DepoEmprende na FP” (Formación Profesional)

A valoración obterase da suma das puntuacións dos seguintes apartados (máximo 12 puntos):

a) Se o centro educativo participou en anos anteriores nos proxectos “DepoEmprende”: máximo 2 puntos (1 punto se participou nunha edición, 2 puntos se participou en máis dunha)



Mércores, 30 de xuño de 2021

Núm. 123

b) Experiencia previa do centro educativo ou do persoal docente participante en proxectos baseados nunha metodoloxía de aprendizaxe cooperativa ou con proxectos de impulso da cultura emprendedora; excluírase da valoración a participación en anos anteriores nos proxectos “DepoEmprende”: máximo 5 puntos (1 punto por proxecto)

c) Participación do centro en actividades de innovación educativa: máximo 2 puntos (1 punto por actividade)

d) Número de persoas docentes implicadas: máximo 3 puntos (1 punto por dúas persoas docentes, 2 puntos por tres persoas docentes, 3 puntos por máis de tres persoas docentes)

9.4 Os centros seleccionaranse segundo a puntuación obtida no proceso de valoración, de maior a menor; en ningún caso se poderá superar o número máximo de prazas por proxecto:

<i>Proxecto</i>	<i>Número máximo de centros por proxecto</i>
DepoEmprende na escola	12
DepoEmprende na ESO	10
DepoEmprende na FP	10

No caso de empate, este resolverase atendendo á titularidade do centro educativo, dándolle prioridade á participación do centro con titularidade pública ante o de titularidade concertada.

Se o empate persiste, este resolverase atendendo á puntuación obtida nos criterios mencionados máis arriba e por esa orde de preferencia; é dicir, maior puntuación no apartado primeiro (se o centro educativo participou en anos anteriores nos proxectos “DepoEmprende”), que terá preferencia sobre os seguintes apartados, e así de forma sucesiva.

9.5. Para que cada un dos proxectos do programa “DepoEmprende” se poida iniciar, establécese un número mínimo de 5 centros educativos participantes en cada un deles. Deste xeito, no caso de non contar con ese número mínimo, a Deputación de Pontevedra poderá optar pola terminación do proxecto afectado.

9.6. Ao inicio do proxecto “DepoEmprende na FP” os centros educativos seleccionados deberán informar do número de proxectos empresariais que desenvolverán durante o curso. Neste sentido, no caso de que o número total supere os 150, a Deputación de Pontevedra reservará o dereito de limitar este número de xeito proporcional en cada centro educativo participante para garantir en cada un deles un número mínimo de proxectos.



Mércores, 30 de xuño de 2021

Núm. 123

Décima. Resolución

De acordo co establecido na base sexta, unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes a Deputación de Pontevedra ditará unha resolución na que declarará aprobada a lista provisional e definitiva de centros educativos seleccionados, suplentes e excluídos, que será publicada no BOPPO.

O prazo máximo de resolución e notificación será de tres (3) meses contados a partir da finalización do prazo de presentación da solicitude.

Décimo primeira. Renuncia

No caso de que algún centro educativo renuncie á praza de participación no proxecto no que foi seleccionado, deberá informar a institución provincial a través da correspondente solicitude dirixida ao Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local mediante unha instancia xenérica presentada por rexistro atendendo ao establecido no artigo 16.4 da LPACAP.

Nesta situación a Deputación de Pontevedra poderá cubrir a praza vacante co centro suplente segundo a orde de puntuación obtida no proceso de selección, sempre e cando non transcorresen máis de catro (4) meses desde o inicio do proxecto.

Décimo segunda. Terminación dos proxectos ou incumprimento do programa por circunstancias sobrevidas

O programa “DepoEmprende” finalizará, previsiblemente, no mes de xuño, antes de que finalice o curso escolar 2021-2022.

No caso de que a planificación do antedito curso escolar condicione o desenvolvemento do programa ou de que ao longo da súa realización este se vise afectado por algunha aplicación de medidas fronte á COVID-19 ou calquera outra situación de risco ou forza maior sobrevida que, polas súas características imprevisibles e inesperadas, imposibilite o desenvolvemento do programa ou modifique as circunstancias iniciais establecidas neste, o que dará lugar ao incumprimento de actuacións por parte de calquera das partes implicadas, a Deputación de Pontevedra reservará o dereito de suspender ou terminar actividades, finalizar a posta en marcha dalgún dos proxectos, ou ben clausurar a totalidade do programa “DepoEmprende”, e poderá, así mesmo, suspender ou terminar a participación dos centros no programa cando as circunstancias o determinen.

Décimo terceira. Convenio coa Consellería de Cultura, Educación e Universidade

De acordo co Plan de emprendemento no sistema educativo de Galicia, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia e a Deputación de Pontevedra establecen un convenio de colaboración que ten como finalidade o fomento de iniciativas e actividades emprendedoras nos centros educativos da provincia de Pontevedra. Esta colaboración xirará arredor da implantación e desenvolvemento do proxecto, da familiarización e integración dos



Mércores, 30 de xuño de 2021

Núm. 123

elementos da xestión empresarial e do deseño das unidades didácticas, cuxa finalidade é a integración metodolóxica e pedagóxica do fomento da cultura emprendedora nas aulas para mellorar as competencias do profesorado.

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia incorporará este proxecto de formación ao Plan de emprendemento no sistema educativo Eduemprende, desenvolvendo as seguintes actuacións:

- Convocatoria dos cursos recollidos no programa de formación, no caso de que se impartan.
- Colaboración no desenvolvemento dos proxectos obxecto desta convocatoria, na selección de participantes, no seguimento das actuacións e na difusión e transmisión destas a todos os centros educativos de Galicia
- Recoñecemento, certificación e rexistro das accións formativas que efectivamente se realicen e que son dirixidas ao profesorado da Consellería de Cultura, Educación e Universidade propostas no marco dos proxectos obxecto desta convocatoria a través do Centro de Formación e Recursos de Pontevedra
- Creación dun apartado específico no enderezo www.edu.xunta.es/fp/eduemprende no que se recollerá toda a información xerada dos proxectos obxecto desta convocatoria

Décimo cuarta. Comisión de selección e seguimento

Para a selección dos centros educativos e o seu seguimento constituirase unha comisión coa finalidade de resolver as incidencias e dúbidas que se produzan no seu desenvolvemento.

Esta comisión terá a competencia de avaliar as solicitudes presentadas segundo os criterios establecidos nesta convocatoria e resolver as dúbidas e incidencias que se produzan no seu desenvolvemento, tal e como se establece no convenio asinado coa Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

Esta comisión estará constituída por:

- Dúas persoas representantes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade
- Dúas persoas representantes da Deputación de Pontevedra

Décimo quinta. Aceptación das bases

A presentación da solicitude implica o coñecemento e a aceptación incondicional destas bases reguladoras, ademais de todas as resolucións que adopte a Deputación de Pontevedra.

Todas as cuestións que poidan derivar da interpretación destas bases serán resoltas polo Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local.



Mércores, 30 de xuño de 2021

Núm. 123

Décimo sexta. Réxime de recursos

Contra este acto, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse un recurso contencioso-administrativo ante o xulgado competente desta orde nos dous (2) meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación ou publicación (artigos 8, 14 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo). Non obstante, poderá interpoñerse un recurso de reposición ante o órgano autor desta resolución ou acordo no prazo de 1 mes contado desde o día seguinte ao da súa notificación ou publicación (artigo. 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro).

De optarse pola interposición do recurso de reposición, o recurso contencioso-administrativo non poderá interpoñerse ata que aquel sexa resolto expresamente ou por silencio administrativo. O recurso de reposición deberase resolver e notificar no prazo dun (1) mes, e entenderase desestimado polo transcurso dese prazo sen resolución expresa e notificada (artigos 124.2, 24.1 e 24.2 da Lei 39/2015). Neste último caso, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo no prazo de seis (6) meses contados desde o día seguinte a aquel no que deba entenderse presuntamente desestimado (artigos 46.1 e 4 da Lei 29/1998).

Non obstante, poderase interpoñer calquera outro recurso que se estime e sexa conforme a dereito.

Debido á lexislación especial aprobada con motivo da declaración do estado de alarma, o anterior réxime de recursos entenderase modificado nos seguintes extremos:

O cómputo do prazo para a interposición do recurso de reposición comezará o día hábil seguinte á data de finalización da declaración do estado de alarma (disposición adicional 3.1 do Real decreto 463/2020, de 14 de marzo, e disposición adicional 8.1 do Real decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo).

No caso de presentarse o recurso de reposición antes do prazo sinalado, os prazos relativos á súa tramitación non empezarán a contar ata a finalización do estado de alarma.

- O cómputo do prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo comezará o día hábil seguinte á data de finalización da declaración do estado de alarma (disposición adicional segunda do Real decreto 463/2020, de 14 de marzo, e artigo 2 do Real decreto-lei 16/2020, de 28 de abril).

Todo isto sen prexuízo de poderse adiantar a súa presentación, nos termos e segundo a Resolución do ministro de Xustiza, de 13 de abril de 2020, pola que se adapta a prestación do servizo público de Xustiza ao Real decreto 487/2020, de 10 de abril; e o Acordo do 13 de abril de 2020 da Comisión Permanente do Consello Xeral do Poder Xudicial.



Mércores, 30 de xuño de 2021

Núm. 123

Décimo sétima. Protección de datos

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionalo, verificar os datos e documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “normativa aplicable”, dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia e ao público xeral dada a publicación de actos prevista.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, exercitar outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.

Xefe do Servizo de Promoción do Emprego e Desenvolvemento Local

Manuel Corujo Castro

Asinado dixitalmente na marxe

